

## PRESENTACIÓN DO LIBRO *SERPIGO*, DE JORGE CUÑA CASASBELLAS

O próximo mércores 17 de decembro de 2008, ás 20.00 h, na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” Pazo de Vila Melania (Vilaboa - Culleredo), terá lugar o acto de presentación do libro *Serpigo*, de Jorge Cuña Casasbellas.

No transcurso do acto tomarán a palabra:

Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura

Verónica P. Torres, ceramista.

Suso Dobao, ceramista.

Osmundo Barros, deseñador.

Miguel Ángel Cuña, editor, da “Fundación Cuña-Casasbellas”.

Tamén se proxectará unha recreación videográfica de *Serpigo*.

Presentar en Culleredo *Serpigo*, o que foi libro alboreal do tristemente desaparecido Jorge Cuña Casasbellas, é para min un acto especialmente emotivo polos estreitos lazos de amizade que uniron, e unen, á miña familia coa familia Cuña-Casasbellas.

O pai de Jorge, o gran poeta Manuel Cuña Novás, autor do recoñecido libro *Fabulario Novo*, era íntimo amigo do meu avó paterno, e compartiron en Pontevedra a súa resistencia, e tamén a súa esperanza, na longa noite de pedra franquista. Esa amizade continuo coas xeracións posteriores, cedendo mesmo algunhas cousas para a “Fundación Cuña-Casasbellas. Fabulario Novo-Hipofanías”.

*Serpigo* viu a luz en 1972. É un libro que poderíamos encadrar dentro do océano “beat”; un libro visionario, un libro cheo de códigos simbólicos, un libro desesperanzado pero esperanzado á vez.

Pero se xa os poemas de *Serpigo* tiñan gran valía, a reedición en 2007, pola “Fundación Cuña-Casasbellas. Fabulario Novo-Hipofanías”, desta obra, supón aunar, nunha fermosísima e coidada edición, Arte e Poesía: deseñado e maquetado por Osmundo Barros, inclúe un ensaio introductorio de Miguel Ángel Cuña, reproducións das cerámicas que realizaron Suso Dobao e Verónica P. Torres, e o poemario de Jorge Cuña Casasbellas.

Por tanto, é un privilexio poder presentar esta pequena xoia bibliográfica en Culleredo.

## Datos biográficos

Jorge Cuña Casasbellas nace en Vigo, na rúa de Santiago, en 1945. En 1951 a familia trasládase a Pontevedra, onde Jorge residirá ata 1962. Entre 1964-1968 vive en Madrid, onde participa nas mobilizacións políticas e sociais da época, a consecuencia das cales pasará unha breve tempada en prisión.

Regresa posteriormente a Galicia e, en 1985, marcha a Orihuela. Un tempo despois está de novo en Madrid e, á fin, regresa a Galicia.

Falecerá en Pontevedra o 30 de xuño de 2004. O seu cadaleito estaba cuberto por unha bandeira negra coa lenda "Libertad".

Jorge Cuña Casasbellas foi autor dos seguintes libros: *Serpigo* (1972); *Moloch* (1977); *Mantis* (1988); *Cerrada está la puerta* (2000); *Hipofanías* (2003) e *Antología poética* (en italiano).

## CANTO I

*Cadenas de serpientes  
oprimen largas avenidas de cristales,  
vasos azules  
y venas blandas por heridas.  
Venas blandas  
en los cuerpos unidos de los hombres,  
en el vientre desnudo de la tierra,  
y venas blandas  
en la piel vidriosa de los cielos.  
Y todo apretado en un corazón solo  
y ahora seco.*

*La sangre  
caída y coagulada en el lomo de las serpientes.*

*Ya no queda más que despojos,  
briznas disueltas en el aire.*

*Y en el espacio  
un largo anillo dilatándose,  
un círculo,  
la última apariencia.*

Jorge Cuña Casasbellas (de *Serpigo*).

Culleredo, 12 de decembro de 2008  
O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez